



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2025/2026

I.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

É obxecto destas bases regular a concesión polo Concello de Carral, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o estudo aos/ás estudantes matriculados/as durante o curso académico 2025/2026 e empadroados/as no municipio de Carral.

O obxecto destas axudas é establecer axudas complementarias para a financiación parcial de gastos ocasionados pola adquisición de libros de texto, material escolar, gastos de comedor escolar, transporte por estudos e gastos por pago de taxas e matrículas do alumnado matriculado en estudos de 2º ciclo de educación infantil, de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares), ou dos estudos universitarios oficiais que se indican, durante o curso académico 2025/2026.

II.- FINANCIAMENTO

O crédito para financiar as axudas reguladas nestas bases atópase contido no Orzamento do Concello de Carral para 2024, prorrogado para 2026, con cargo á partida 326.48003, por importe total de **15.000,00 euros**.

III.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

III.1.-Poderán ser beneficiarios/as das axudas previstas nestas bases os/as estudantes nos que concorran os requisitos seguintes:

1.-Estando empadroados/as no concello de Carral e dispor de DNI/NIF/NIE, as persoas que se atopen nalgunha/s das circunstancias seguintes:

- a.-Estudantes de 2º ciclo de educación infantil que cursen os seus estudos durante o curso 2025/2026 en centros de carácter oficial, públicos ou concertados.
- b.-Estar matriculados/as en calquera curso dos estudos de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares) durante o curso 2025/2026 nun centro de carácter oficial, público ou concertado.
- c.-Estar matriculados/as na formación profesional básica durante o curso 2025/2026 nun centro de carácter oficial, público ou concertado.
- d.-Estar matriculados/as durante o curso 2025/2026 en calquera curso das seguintes ensinanzas universitarias do sistema universitario español realizados en centros españois, públicos ou privados, con validez no territorio nacional: ensinanzas conducentes a títulos oficiais de Grao ou Mestrado/Máster (non Doutoramento); ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a, Diplomado/a, Mestre/a, Enxeñeiro/a Técnico/a e Arquitecto/a Técnico/a.

III.2.-Non poderá ser beneficiario das axudas ás que se refire esta convocatoria, nin os fill@s de persoal traballador das Administracións Públicas nin eles mesmos se son beneficiarios dalgunha axuda de calquera entidade Pública para o mesmo concepto.

III.3.- O Concello de Carral solicitará a compatibilidade destas axudas coa beca de estudos de educación postobrigatorios otorgados polo “Ministerio de Educación y Formación Profesional” para o curso académico 2025/26. Este trámite será realizado pola propia entidade local Concello de Carral e será informado no momento que se conceda/denegue por parte do Ministerio.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

IV.- IMPORTE E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS

En función do importe de cada liña de axuda, e á vista do número de solicitudes presentadas en convocatorias anteriores, realizarase a seguinte distribución das axudas:

EDUCACIÓN INFANTIL: Destinarase ás axudas de tal liña, inicialmente, unha contía de 5.000 €. A contía das axudas que se establecen serán dun mínimo de 30€ por persoa beneficiaria e até un máximo de 120 € por persoa beneficiaria. O mínimo concederase a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos mínimos establecidos na base III en relación aos estudos de 2º ciclo de educación infantil e cuxas solicitudes teñan unha puntuación de cero ou superior. Se restase crédito unha vez outorgado o mínimo ás persoas solicitantes que teñan dereito a él, para obter a contía adicional da axuda sobre o mínimo, correspondente a cada persoa beneficiaria, distribuirase a contía restante do seguinte xeito:

Calcularase o valor do punto coa seguinte fórmula:

Crédito restante na alínea/Total de puntos asignados ás persoas beneficiarias ás que se outorgase o mínimo=valor do punto en euros.

O resultado convertirase na correspondente contía adicional en euros, até o máximo de 120 €/persoa beneficiaria, de acordo coa seguinte fórmula:

Valor do punto en euros X puntos outorgados a cada persoa beneficiaria segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente.

Se, feitas tales operacións, non se esgotase o crédito, a cantidade sobrante poderase empregar nas seguintes alíneas de axuda.

EDUCACIÓN POSTOBRIGATORIA/FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA: Destinarase ás axudas de tal liña, inicialmente, unha contía de 5.000 €. A contía das axudas que se establecen serán dun mínimo de 40€ por persoa beneficiaria e até un máximo de 200 € por persoa beneficiaria. O mínimo concederase a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos mínimos establecidos na base III en relación aos estudos de educación postobrigatoria/formación profesional básica. Se restase crédito unha vez outorgado o mínimo ás persoas solicitantes que teñan dereito a él, para obter a contía adicional da axuda sobre o mínimo, correspondente a cada persoa beneficiaria, distribuirase a contía restante do seguinte xeito:

Calcularase o valor do punto coa seguinte fórmula:

Crédito restante na alínea/Total de puntos asignados ás persoas beneficiarias ás que se outorgase o mínimo=valor do punto en euros.

O resultado convertirase na correspondente contía adicional en euros, até o máximo de 200 €/persoa beneficiaria, de acordo coa seguinte fórmula:

Valor do punto en euros X puntos outorgados a cada persoa beneficiaria segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente.

Se, feitas tales operacións, non se esgotase o crédito, a cantidade sobrante poderase empregar na seguinte alínea de axuda.

EDUCACIÓN UNIVERSITARIA: Destinarase ás axudas de tal liña, inicialmente, unha contía de 5.000 €. A contía das axudas que se establecen serán dun mínimo de 50€ por persoa beneficiaria e até un máximo de 250 € por persoa beneficiaria. O mínimo concederase a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos mínimos establecidos na base III en relación aos estudos de ensinanzas universitarias indicadas nesa base. Se restase crédito unha vez outorgado o mínimo ás persoas solicitantes que teñan dereito a él, para obter a contía adicional da axuda sobre o mínimo, correspondente a cada persoa beneficiaria, distribuirase a contía restante do seguinte xeito:

Calcularase o valor do punto coa seguinte fórmula:

Crédito restante na alínea/Total de puntos asignados ás persoas beneficiarias ás que se outorgase o mínimo=valor do punto en euros.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

O resultado convertirase na correspondente contía adicional en euros, até o máximo de 250 €/persoa beneficiaria, de acordo coa seguinte fórmula:

Valor do punto en euros X puntos outorgados a cada persoa beneficiaria, segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente.

Se, realizado o reparto nas tres alíneas segundo o indicado nos parágrafos anteriores, sobrase crédito de xeito global, os instrutores do expediente poderán propoñer de xeito motivado un segundo reparto de tales cantidades sobrantas entre as persoas que non chegasen ao máximo de axuda en cada alínea, en proporción directa ás respectivas puntuacións, até esgotar a partida global.

No caso de que nalgunha das alíneas, o número de solicitudes estimadas supuxese que non se pode chegar ao mínimo de axuda establecida por persoa beneficiaria, reduciranse todas elas liñalmente.

V.-SOLICITUDES. Lugar, prazo de presentación e modelo.

V.1.-As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Carral, podendo presentarse por calquera das formas sinaladas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP en adiante). Entre as formas indicadas, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral (que actuará coma oficina de asistencia en materia de rexistros, segundo o artigo 16.4.c) LPACAP).

V.2.-O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

V.3.-As solicitudes acompañadas da documentación preceptiva formalizaranse no modelo normalizado de solicitude (Anexo I) asinado pola persoa solicitante (interesado-a/pai/nai/titor-a) no que se especificarán todos os datos establecidos nel. O modelo de solicitude será facilitado no Rexistro Xeral, no departamento de Educación ou na sede electrónica do Concello.

VI.-DOCUMENTACIÓN

VI.1.-Xunto coa solicitude formalizada no devandito Anexo I, acompañarase a documentación seguinte, que deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

A).- En todos os casos:

A.1).- Copia dos DNI/NIF/NIE do/a estudante e tamén do/a pai/nai/titores (se o/a estudante fose menor de idade).

No caso de non dispoñer dos anteriores documentos, admitiranse solicitudes co número de Pasaporte unicamente para formalizar a solicitude, e so no caso de estar en tramitación de obter os citados documentos que en todo caso deberían ser facilitados con anterioridade á resolución do expediente para que se proceda ao seu abono, en caso contrario, perderá o dereito ao mesmo.

A.2).- Copia da matrícula ou documento oficial do centro que xustifique a condición de estudante da persoa para a que se solicita a axuda ou autorización expresa do solicitante da cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa

A.3).- Certificación/Informe bancario da titularidade da conta na que se faría o ingreso en caso de resultar beneficiario/a da axuda. Ten que estar a nome do solicitante ou beneficiario da axuda.

B).-En caso de atoparse nalgunha das situacións que se indican, ademais, copias dos documentos



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

seguintes:

- B.1.).-Orfandade do/a beneficiario/a: Partida de defunción do/a proxenitor/a e partida de nacemento da persoa beneficiaria, ou libro de familia no que figure a devandita orfandade.
- B.2.).-Beneficiario/a fillo/a de separados legais ou divorciados á data da solicitude (sempre e cando non se atope en condición de orfandade, neste caso non obtendría puntuación): Certificado literal do matrimonio no que conste a devandita situación ou fotocopia da resolución xudicial de separación/divorcio.
- B.3.).-Beneficiario/a fillo/a a cargo de solteiro/a sempre que non conviva co/a outro/a proxenitor/a: Libro de familia ou partida de nacemento da persoa beneficiaria e certificado colectivo do padrón municipal.
- B.4.).-Familia numerosa: Título acreditativo de tal condición.
- B.5.).-Discapacidade dun ou máis membros da unidade familiar: Certificado ou tarxeta acreditativa da discapacidade e libro de familia ou documentación do Rexistro Civil que acredite que forma parte da unidade familiar (certificado de matrimonio e certificado de nacemento).
- B.6.).-Situación de desemprego de pai/nai/titor-a: Libro de familia ou documentación do Rexistro Civil que acredite que forma parte da unidade familiar (certificado de matrimonio e certificado de nacemento) e documento de renovación da demanda de emprego da persoa que se atope nesa situación (DARDE).

En xeral , no caso das parellas de feito, adxuntar documentación que demostre a inscrición no rexistro de parellas de feito da administración pública.

C).- Para solicitudes relativas a Educación Infantil, ademais:

- C.1.).- Fotocopia do libro de familia ou documentación do Rexistro Civil que acredite que forma parte da unidade familiar (certificado de matrimonio e/ou certificado de nacemento e/ou certificado de inscrición no Rexistro de parellas de feito)
- C.2.).- Fotocopia da declaración da renda do ano 2024 da nai/pai/titores do/a beneficiario/a.

As unidades exentas desta obriga deberán presentar en caso de tela, a certificación negativa da Delegación de Facenda, e a seguinte documentación:

- Para os/as membros activos/as, certificado da empresa dos ingresos obtidos durante o 2024.
- Acreditación, por calquera medio axustado en Dereito, de percibir algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social...).
- Declaración xurada de non percibir ingresos de ningún tipo, en caso de non poder acreditar a percepción de ingresos de ningunha outra maneira.

VI.2.-No suposto de que a documentación achegada non cumpra os requisitos, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falla ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, de conformidade co establecido no art. 68.1 LPACAP, terase por desistida da súa petición nos termos indicados nese precepto legal.

VI.3.- Os certificados de empadramento (e, no caso de ser necesario o colectivo do solicitante), incorporaranse de oficio ao expediente, a solicitude do departamento municipal de Educación.

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE E COMISIÓN DE VALORACIÓN

VII.1.-O Departamento de Educación do Concello encargárase da instrución do expediente, da revisión das solicitudes (e, no seu caso, da emisión dos requerimentos de emenda indicados na base VI.2) e de completalas coa documentación que sexa preciso incorporar de oficio segundo o indicado nestas bases.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

O Departamento de Educación do Concello realizará unha valoración preliminar das solicitudes e emitirá un informe ao respecto que, asinado pola técnica, remitirase á comisión de valoración para o seu estudo e para a emisión da súa proposta de resolución provisional que se publicará no taboleiro dixital por un prazo de dez días co fin de que se poidan presentar as alegacións.

VII.2.-A Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

Presidente/a	Concelleiro/a responsable da área de Educación
Vogais	Un/unha técnico/a da área de educación do Concello de Carral. Un/unha administrativa ou auxiliar do Concello de Carral
Funcionario/a	Funcionario/a nomeada por Decreto de Alcaldía

VII.3.- No caso de existir alegacións emitirase de novo un informe ao respecto asinado pola técnica e remitirase á comisión de valoración para o seu estudo e a emisión de resolución definitiva que deberá expresar a persoa solicitante, a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa cuantía, especificando a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

No caso de non existir alegacións á resolución provisional será elevada a definitiva.

VIII.-CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

VIII.I.-ESTUDANTES DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (Máximo 20 puntos)

VIII.I.A).-SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (Máximo 16 puntos)

1).-Número de membros da unidade familiar: Por cada membro da unidade familiar (entendida esta coma o pai, nai, irmán/á e persoa para a que se solicita a axuda): 0,25 puntos, cun máximo de 2 puntos.

2).- Condicións familiares da persoa para a que se solicita a axuda:

a.-Por orfandade dun proxenitor: 1 punto ; dos dous proxenitores: 2 puntos.

b.-Fillo de separado/a legal ou divorciado/a na data da solicitude (sempre e cando non se atope en condición de orfandade, neste caso non obtendría puntuación): 1 punto.

c.-Fillo de solteiro/a sempre que non conviva co outro proxenitor: 1 punto.

d.-Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.

e.-Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos, cun máximo de 6 puntos.

f.-Por estar en situación de desemprego o pai/titor: 1 punto

g.-Por estar en situación de desemprego a nai/titora: 1 punto

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar a documentación esixida na base VI que probe estas condicións. A condición de orfandade e de separación/divorcio non son puntuacións acumulables.

VIII.I.B).-SITUACIÓN ECONÓMICA (Máximo 4 puntos)

Neste apartado os puntos calcúlaos a táboa de baremación RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM mensual:600,00€) vixente para 2026:

Inferior ao 25% do IPREM(inferior a 150€).....+4 PUNTOS



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

Igual ou maior có 25% e inferior ou igual ao 50% do IPREM(entre 150€ e 300€).....	+3 PUNTOS
Maior có 50% e inferior ou igual ao 75% do IPREM(entre 300€ e 450€).....	+2 PUNTOS
Maior có 75% e inferior ou igual ao 100% do IPREM(entre 450€ e 600€).....	+1 PUNTOS
Maior có 100% e inferior ou igual ao 125% do IPREM(entre 600€ e 750€).....	-1 PUNTOS
Maior có 125% e inferior ou igual ao 150% do IPREM(entre 750€ e 900€).....	-2 PUNTOS
Maior có 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM(entre 900€ e 1200€).....	-3 PUNTOS
Superior ao 200% do IPREM(superior a 1200€).....	-4 PUNTOS

VIII.II.- ESTUDANTES DE EDUCACIÓN POSTOBRIGATORIA/FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (Máximo 17 puntos)

VIII.II.A).-SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (Máximo 14 puntos)

Condições familiares da persoa para a que se solicita a axuda:

- a.-Por orfandade dun proxenitor: 1 punto ; dos dous proxenitores: 2 puntos.
- b.-Fillo de separado/a legal ou divorciado/a na data da solicitude (sempre e cando non se atope en condición de orfandade, neste caso non obtendría puntuación): 1 punto.
- c.-Fillo de solteiro/a sempre que non conviva co outro proxenitor: 1 punto. (Monoparental a efectos do anexo I)
- d.-Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.
- e.-Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos, cun máximo de 6 puntos.
- f.-Por estar en situación de desemprego o pai/titor: 1 punto
- g.-Por estar en situación de desemprego a nai/titora: 1 punto

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar a documentación esixida na base VI que probe estas condicións. A condición de orfandade e de separación/divorcio non son puntuacións acumulables.

VIII.II.B).-LONXANÍA DO CENTRO DE ESTUDOS (Máximo 3 puntos)

Distancia entre o centro de estudos e o domicilio da persoa para a que se solicita a axuda (concretarase no Anexo I pola persoa solicitante e comprobarase polo departamento instrutor do expediente):

- a.-De 0 a 16 km: 0,5 puntos.
- b.-Maior ca 16 até 22 km: 1 punto.
- c.-Maior ca 22 até 55 Km: 2 puntos.
- d.-Maior ca 55 km: 3 puntos.

VIII.III.- ESTUDANTES DE EDUCACIÓN UNIVERSITARIA (SÓ ESTUDOS INDICADOS NA BASE III.1.d) (Máximo 21 puntos)

VIII.III.A).-SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (Máximo 14 puntos)

Condições familiares da persoa para a que se solicita a axuda:

- a.-Por orfandade dun proxenitor: 1 punto ; dos dous proxenitores: 2 puntos.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

- b.-Fillo de separado/a legal ou divorciado/a na data da solicitude(sempre e cando non se atope en condición de orfandade, neste caso non obtendría puntuación): 1 punto.
- c.-Fillo de solteiro/a sempre que non conviva co outro proxenitor: 1 punto. (Monoparental a efectos do anexo I)
- d.-Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.
- e.-Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos, cun máximo de 6 puntos.
- f.-Por estar en situación de desemprego o pai/titor: 1 punto
- g.-Por estar en situación de desemprego a nai/titora: 1 punto

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar a documentación esixida na base VI que probe estas condicións. A condición de orfandade e de separación/divorcio non son puntuacións acumulables.

VIII.III.B).-LONXANÍA DO CENTRO DE ESTUDOS (Máximo 3 puntos)

Distancia entre o centro de estudos e o domicilio da persoa para a que se solicita a axuda (concretarase no Anexo I pola persoa solicitante e comprobarase polo departamento instrutor do expediente):

- a.-De 0 a 16 km: 0,5 puntos.
- b.-Maior ca 16 até 22 km: 1 punto.
- c.-Maior ca 22 até 55 Km: 2 puntos.
- d.-Maior ca 55 km: 3 puntos.

VIII.III.C).-NÚMERO DE CRÉDITOS DE MATRICULACIÓN NO CURSO 2025/2026 (Máximo 4 puntos)

- a.-Até 25 créditos: 1 punto.
- b.-Máis de 25, até 50 créditos: 2 puntos.
- c.-Máis de 50 até 100 créditos: 3 puntos.
- d.-Máis de 100 créditos: 4 puntos.

IX.- MEMBROS COMPUTABLES

Para os efectos desta orde, considéranse membros computables da unidade familiar:

- a) O alumnado solicitante
- b) As persoas proxenitoras non separadas legalmente ni divorciadas ou, de selo caso, as persoas titoras ou a persoa encargada da garda e protección do menor
- c) A persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora
- d) Os irmáns/as solteiros/as menores de 25 anos que dependan das persoas proxenitoras, sempre que convivan no domicilio familiar
- e) Os irmáns/as maiores de 18 anos con discapacidade, sempre que convivan no domicilio familiar

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, consideraranse membros computables e sustentadores principais, o solicitante e o seu cónxuxe ou a súa parella rexistrada ou non que estea unida por análoga relación. Tamen serán membros computables os fillos menores de vintecinco anos, se os houbera, e convivan no mesmo domicilio. Polo tanto, a documentación requirida ou a puntuación que lle corresponda como pai proxenitor e/ou nai proxenitora será substituída pola propia do solicitante e da súa parella respectivamente.

No suposto de custodia compartida consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante da axuda e os seus fillos comúns.

Non terán a consideración de membros computables da unidade familiar:



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

- a) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada que non conviva habitualmente co fillo/a solicitante, excepto si as persoas proxenitoras teñen a custodia compartida
- b) O agresor en casos de violencia de xénero

X.- DETERMINACIÓN DA RENDA DA UNIDADE FAMILIAR

- a) A renda da unidade familiar que se terá en conta é a do exercicio 2024 e obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculados según indican os puntos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) Cando o membro computable presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, sumárase a base imposable xeral (recadro 435) e a base imposable de aforro (recadro 460); cando non a presente, teranse en conta os ingresos de acordo aos datos tributarios facilitados pola Axencia Tributaria.
- c) Os ingresos obtidos polo novo cónxuxe ou parella de feito da persoa proxenitora coa que conviva habitualmente a persoa solicitante computáranse para calcular a unidade familiar
- d) Nos casos de separación legal ou divorcio, si as persoas proxenitoras teñen a custodia compartida da persoa solicitante, compútanse os ingresos de ambos.

XI.-RESOLUCIÓN E RECURSOS.

XI.1.-Logo de instruírse o procedemento segundo o indicado nas bases e da fiscalización previa preceptiva da Intervención do Concello en relación coa proposta de resolución da Alcaldía (elaborada segundo a proposta de resolución emitida pola comisión de valoración indicada na base VII), a Alcaldía do Concello de Carral ditará a resolución que proceda no prazo de seis meses computado a partires da finalización do prazo de presentación de solicitudes, e sempre antes do 31 de decembro de 2026. A resolución expresa comunicárase ás persoas interesadas mediante publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Carral (art.45.1.b) LPACAP). Se transcorre o devandito prazo sen se ditar resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria, de conformidade co establecido no art. 24.1 LPACAP en conxunción co art. 25.4 e art. 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS en adiante).

XI.2.-A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa, e contra aquela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o Sr. Alcalde do Concello de Carral, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso- contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña competente, no prazo e forma establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso- administrativa.

XII.- XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO.

XII.1.-Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/07, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria, non se esixirá a presentación dunha xustificación adicional por parte das persoas solicitantes, ao acreditaren coa solicitude a condición de estudantes nos niveis de ensino correspondentes dos respectivos beneficiarios.

XII.2.-O pagamento da axuda outorgada mediante a correspondente resolución, será ingresado na conta



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

bancaria facilitada polas persoas solicitantes para tal fin. Todas as axudas están suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) segundo a normativa reguladora de tal tributo.

XIII.-OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar a axuda á finalidade para a que se concede, podendo o Concello solicitarlles que acrediten perante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou aproveitamento da axuda.

O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a persoa beneficiaria non realizou os estudos para os que se concedeu a axuda, podendo esixir certificación acreditativa de que os estudos se cursaron.

As persoas beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Carral e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información relativa ás axudas que lles sexa requirida.

XIV.-DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos subministrados polas persoas solicitantes teñen a finalidade de poder tramitar as solicitudes das axudas para o estudo aos/ás estudantes do Concello de Carral matriculados/as durante o curso académico 2025/2026 ás que se refiren estas bases e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Carral. A lexitimación para o tratamento dos datos de contacto e os que figuran na solicitude é o cumprimento dunha obriga legal. O destinatario dos datos é o Concello de Carral, que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal (O Concello de Carral subministrará os datos esixidos legalmente, relativos ás axudas concedidas, á Base de Datos Nacional de Subvencións, e demais rexistros públicos que estableza a normativa aplicable). As persoas solicitantes teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante o Concello de Carral, Praza Campo da Feira, 1, 15175.-Carral (A Coruña), o a través da sede electrónica do Concello.

XV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido nos Títulos IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

XVI.- NORMATIVA.

Para o non previsto nestas bases aplicaranse supletoriamente, en especial:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Carral para 2024, prorrogado para 2026.
- Plan estratéxico de subvencións do Concello de Carral para os exercicios 2023 a 2026 (BOP nº 213 de 8 de novembro de 2023)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde- Presidente

José Luis Fernández Mouriño



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100



CONCELLO DE CARRAL

**CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN**

ANEXO I -SOLICITUDE

**AXUDAS AO ESTUDO
CURSO 2025
2026**

SOLICITUDE: INFANTIL POSTOBRIGATORIA (BACH E CICLOS)
(marcar con X) UNIVERSIDADE FP BASICA OUTROS:

DATOS SOLICITANTE (solicitante maior de idade, pai,nai,titor/a)	
NOME e APELIDOS	
NIF/NIE:	
DOMICILIO:	
TELEFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO	

SOLICITANTE ou BENEFICIARIO e TITULAR DO CERTIFICADO BANCARIO DEBE SER A MESMA PERSOA

DATOS BENEFICIARIO/A (estudante):				PUNTOS
NOME E APELIDOS:				
NIF/NIE		CURSO		
NOME DO CENTRO DE ESTUDOS:				
LUGAR DO CENTRO DE ESTUDOS:				
TIPO DE CENTRO	<input type="checkbox"/> PÚBLICO	<input type="checkbox"/> PRIVADO	<input type="checkbox"/> OUTROS(cal):	
DISTANCIA DO DOMICILIO AO CENTRO:			KM solo ida	
CRÉDITOS EN CASO DE UNIVERSITARIOS				

SITUACIÓN FAMILIAR				PUNTOS
Nº MEMBROS				
ORFANDADE	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
Nº proxenitores falecidos				
SEPARACIÓN/DIVORCIO/VIUDEDADE	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
MONOPARENTAL	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
FAMILIA NUMEROSA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
DISCAPACIDADE	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
Nº membros con discapacidade				
SITUACIÓN LABORAL DO PAI/TITOR	<input type="checkbox"/> PARO	<input type="checkbox"/> TRABALLANDO		
SITUACIÓN LABORAL DE NAI/TITORA	<input type="checkbox"/> PARO	<input type="checkbox"/> TRABALLANDO		
SITUACIÓN ECONÓMICA				
SOLICITOU OUTRA AXUDA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
En caso afirmativo decir tipo de axuda, entidade e importe				
				TOTAL PUNTOS

As zonas sombreadas cúbreas o concello



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100



CONCELLO DE CARRAL

CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN

AXUDAS A
ESTUDO CURSO
2025
2026

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

marcar cun X o que se entrega

- Anexo de solicitude e declaración responsable
 - Copia do DNI/NIE/NIF/PASAPORTE do estudante e do pai, nai e/ou titores si é menor de idade
 - Copia da matrícula ou documento oficial do centro que xustifique a condición de estudante
 - Certificado/informe bancario de titularidade da conta na que ingresar a axuda en caso de concesión
(importante que sexa mesmo titular que solicitante ou beneficiario)
 - Orfandade:
 - Partida de defunción da proxenitor/a e partida de nacemento da persoa beneficiaria ou libro de familia no que figure a orfandade
 - Separación legal/divorcio:
 - Certificado literal do matrimonio no que conste a situación ou fotocopia da resolución xudicial
 - Beneficiari@ fill@ a cargo de solter@ sempre que non conviva c@n él/ela outr@ proxenitor/a:
 - Libro de familia ou partida de nacemento da persoa beneficiaria e certificado colectivo de padrón municipal
 - Copia do título de familia numerosa en caso de telo
 - Discapacidade dun ou máis membros da unidade familiar: Certificado ou tarxeta acreditativa e libro de familia/documento acreditativo
 - Desemprego da nai/pai/titor/-a: Libro de familia/documento acreditativo e documento de renovación da demanda de emprego (Darde)
 - Ademáis, para Educación Infantil: Fotocopia libro de familia/documento acreditativo matrimonio/parella de feito e nacemento
 - Ademáis, para Educación infantil: fotocopia da declaración da renda 2024 de ambos proxenitores
- En caso de estar exenta de realizala, haberá que presentar:
- Declaración negativa de Facenda
 - Para os membros activos, certificado da empresa dos ingresos obtidos durante 2024
 - Acreditación por calquera medio axustado en dereito, de percibir algunha prestación ou pensión
(INEM, Xunta, Seguridade Social)
 - Declaración xurada de non percibir ingresos de ningún tipo, en caso de non poder acreditar doutra maneira



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100

DECLARACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE

D/D^a

solicitante/pai/nai/ titor/a da beneficiari@ da axuda aos estudos

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria para a que solicita axuda
- 2.- Que os datos que se declaran son reais e en caso de non ser dará lugar á denegación da axuda
- 3.- Que está ao corrente das súas obrigas con Facenda Pública, co Concello de Carral e coa Tesorería da Seguridade Social e autoriza ao Concello de Carral para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesorería da Seguridade Social coa que se acrediten tales extremos no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagos das axudas
- 4.- Que autoriza expresamente ao Concello de Carral para obter os certificados do padrón municipal de habitantes necesarios para a tramitación do expediente
- 5.- Que autoriza expresamente ao Concello de Carral para obter a través de pasaXe, o nodo de interoperabilidade de Galicia, a obtención dos documentos necesarios para a xestión da axuda escolar, en concreto o relativo a : certificado de discapacidade
- 6.-Os datos suministrados polas persoas solicitantes teñen a finalidade de poder tramitar as solicitudes das axudas ao estudo aos/as estudantes do Concello de Carral matriculados/as durante o curso académico 2025/2026 as que se refiren estas bases e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Carral
A lexitimación para o tratamento dos datos de contacto e os que figuran na solicitude é o cumprimento dunha obriga legal ao Concello de Carral coa súa sinatura. O destinatario dos datos é o Concello de Carral, que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal (O Concello de Carral suministrará os datos esixidos legalmente, relativos ás axudas concedidas, á Base de Datos Nacional de Subvencións, e demais rexistros públicos que estableza a normativa aplicable.)
As persoas solicitantes teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse ante o Concello de Carral, Praza Campo da Feira,1, 15175-Carral (A Coruña)

Carral, a.....dede 2026

Sinatura